

PROGRAMACIÓN FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN

2º BACHARELATO

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A administración é un proceso consistente nas actividades de planeamento, organización, execución e control, desempeñadas para determinar e alcanzar os obxectivos sinalados co uso de recursos produtivos. Como ciencia trata de planificar e organizar as relacións entre as funcións, os niveis e as actividades, coa finalidade de lograr a máxima eficiencia dentro dos plans e os obxectivos sinalados pola empresa.

Por xestión entendemos a realización de dilixencias enfocadas á obtención dalgún beneficio, empregando os recursos activos da empresa para o logro dos obxectivos. Trátase, xa que logo, de estimular entre o alumnado as destrezas e as habilidades que permitan pór en marcha e manter un proxecto empresarial a través do estudo das variables que determinan a súa viabilidade.

Constitúe obxecto de estudo desta materia o conxunto de áreas e funcións nas que se divide a actividade da empresa, tanto no nivel de planificación e definición de obxectivos como no nivel de xestión diaria dos recursos e as actividades da empresa que permitan alcanzar o obxectivo de consolidación dun proxecto empresarial, todo isto enmarcado dentro da idea de fomentar o espírito emprendedor na educación secundaria.

Préstase especial atención ao desenvolvemento da creatividade e o espírito de innovación para resolver situacións en diferentes ámbitos, así como a relevancia de valorar e percibir o erro de xeito positivo. Incentívase a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, con independencia do resultado final, promóvese o traballo en equipo, mantendo unha comunicación fluída entre as persoas autoras do proxecto compartido, e dáselle un especial impulso á utilización de ferramentas informáticas e audiovisuais que axuden á difusión efectiva do proxecto.

Serán desenvolvidas as capacidades e as habilidades propias da competencia clave de sentido da iniciativa e o espírito emprendedor, ademais de outras vinculadas coa comunicación lingüística, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a competencia dixital, as competencias sociais e cívicas, e a de aprender a aprender.

A materia estrutúrase en nove bloques: "Innovación empresarial. A idea de negocio: o proxecto de empresa", "A organización interna da empresa. Forma xurídica e recursos", "Documentación e trámites para a posta en marcha da empresa", "O plan de aprovisionamento", "Xestión comercial e márketing na empresa", "Xestión dos recursos humanos", "Xestión da contabilidade da empresa. Investimento e xestión financeira", "Viabilidade da empresa" e "Presentación da idea de negocio".

A grande transcendencia social do emprendemento económico e social queda reflectido na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Neste sentido, conectar o emprendemento aos **ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible)** constitúen a mellor combinación para avanzar no progreso económico e benestar social da sociedade. A **Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible do PNUD** (Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento), asinada en setembro de 2015 por un grande número de países (193) para poñer ao mundo camiño á erradicación da pobreza e a sostenibilidade do planeta (17 obxectivos e 169 metas que conxugan as tres dimensións do desenvolvemento sostible: a económica, a social e a ecolóxica) é probablemente un dos maiores retos aos que nos enfrontamos neste século XXI, un reto tamén para o noso alumnado que deba ter un papel protagonista con accións encamiñadas á consecución de ditos obxectivos. En consecuencia, a **Axenda 2030** vai constituír o marco xeral e a fonte de recursos e inspiración para o desenvolvemento do proxecto obxecto de traballo nesta materia ao longo do curso, favorecendo así un rol activo do alumnado.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 2º bacharelato do **IES David Buján de Cambre** que cursa a materia de **Fundamentos de Administración e Xestión** como específica no 2º curso de Bacharelato.

Os/as alumnos/as que estudan bacharelato no noso centro proceden fundamentalmente dos concellos de Cambre e Carral, municipios situados na área metropolitana da Coruña, a 10 minutos do aeroporto de Alvedro e a pouco máis de 15 minutos do centro da cidade herculina. Nestes dous concellos conviven concentracións urbanas que medraron moito nas últimas décadas con lugares e aldeas que continúan formando parte do medio rural, o que dalgunha maneira nos indica a dualidade existente na procedencia e o perfil do noso alumnado. Por unha parte alumnos/as que viven en pequenas aldeas, herdeiros das tradicións e costumes do medio rural; por outra parte, alumnado que procede dos núcleos urbanos, normalmente de orixe máis diverso.

Por outra parte, a proximidade do noso centro á A-6 permite a conexión en pouco máis de 15 min. co Polígono de Sabón (Arteixo) onde se atopa a sede da multinacional téxtil Inditex, S.A., que todos os anos temos a oportunidade de visitar e que en 2º de bacharelato sírvenos de referencia nalgunhas unidades didácticas.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Desde a Unión Europea, a UNESCO e a OCDE insístese na necesidade da adquisición das competencias clave como condición indispensable para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo cada vez máis globalizado facendo compatible o desenvolvemento económico co benestar social. A materia de Fundamentos de Administración e Xestión contribúe, en distintas proporcións, á consecución das sete competencias clave do currículo:

- **Competencia en comunicación lingüística:** a actividade relacionada coa contorna administrativa e de xestión empresarial implica todo un universo de relacións interpersoais e sociais, a interacción entre os membros do equipo, con provedores, clientes, representantes de organismos e institucións públicas e privadas e outros axentes, facendo necesario que os mozos que cursan esta materia adquiren un conxunto de actitudes, destrezas, coñecementos e valores directamente relacionados con esta competencia. A elección das fórmulas e formatos de comunicación axeitados a cada contexto e a adquisición de destrezas para o manexo de ferramentas que apoiem e faciliten o fluxo de comunicación permitirán incidir na importancia e desenvolvemento da capacidade lingüística tanto oral como escrita e fomentarán e guiarán o camiño cara á permanente procura dunha comunicación activa e eficaz. Así mesmo, os traballos de investigación, procura e utilización de información especializada e a adquisición de novos coñecementos económicos e financeiros promoverán o avance na capacidade de comprensión lectora dos estudantes.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:** esta materia desenvolve esta competencia na medida na que se emprega o razoamento matemático e as súas ferramentas para avanzar no coñecemento e a práctica de múltiples fenómenos económicos e empresariais nos seus diferentes contextos. Principalmente na interpretación de datos numéricos e gráficos, na descrición da estrutura organizativa da empresa, na planificación e cuantificación das necesidades económico-financeiras, as previsións de vendas e o estudo de viabilidade do proxecto de emprendemento, na comprensión e posta en práctica dos sistemas de fixación de prezos, na aplicación da técnica contable, a elaboración de nóminas e no coñecemento das bases e funcionamento do sistema tributario e de Seguridade Social.
- **Competencia dixital:** a utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación faise imprescindible para a adquisición de actitudes e destrezas no manexo de ferramentas e programas informáticos e na correcta utilización de software específico de xestión empresarial, así como para alcanzar algúns dos obxectivos establecidos nas actividades ou tarefas que se programen ao longo do proceso de enseñanza-aprendizaxe, como apoio aos labores de procura e selección de información específica nos procesos de investigación e para a creación e difusión de contidos que permitan expoñer os resultados dos traballos realizados.

- **Competencia de aprender a aprender:** esta competencia está relacionada coa responsabilidade do individuo en canto á aprendizaxe permanente ao longo da vida, para a súa adquisición, desde o ámbito educativo, débese fomentar no alumno unha actitude activa na toma de decisións sobre o proceso de aprendizaxe, tanto na súa dimensión individual como de grupo. Para iso, o traballo baseado en proxectos constitúe unha gran axuda xa que permite que sexa o estudante o que deseñe e responsabilícese dalgúns dos aspectos cruciais do proceso.
- **Competencias sociais e cívicas:** estas competencias implican a capacidade para utilizar coñecementos e habilidades sociais que permitan interactuar con diferentes persoas e grupos da nosa sociedade, para elaborar respostas, tomar decisións, establecer lazos de comunicación e resolver conflitos desde o respecto mutuo e as conviccións democráticas. A adquisición das competencias sociais e cívicas trabállanse nalgúns dos elementos que configuran o currículo desta materia desde o fomento dos valores e actitudes relacionados co respecto ao medio ambiente, a análise do labor social do emprendedor e o empresario, a importancia do traballo en equipo e colaborativo, o respecto e comprensión da diversidade humana e social como algo necesario para establecer lazos de cooperación económica e a importancia da actitude responsable ante as obrigacións de carácter público de empresas e cidadáns.
- **Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor:** esta competencia desenvólvese non só pola formulación baseada na importancia das figuras do emprendedor e o empresario e a relevancia do fomento da innovación, senón tamén porque implica a capacidade de transformar as ideas en actos e moitas das actividades e tarefas que se vaian a programar pretenden potenciar a posta en práctica dos contidos teóricos que serven como base do coñecemento relacionado coa vida persoal e profesional. Gran parte do traballo que se vai a expor na aula relaciónase coa planificación, programación, elaboración e comunicación dos resultados dun proxecto de emprendemento. Para poder levar a cabo esta tarefa con éxito débense desenvolver múltiples aspectos relacionados coa competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, como son a autonomía e responsabilidade dos estudantes no proceso de desenvolvemento do proxecto, asunción de responsabilidade individual e grupal, fomento da iniciativa, a creatividade e a procura de oportunidades, a asunción de riscos, a capacidade de liderado ou o pensamento crítico.
- **Competencia de conciencia e expresións culturais:** esta competencia está presente despois de que implica coñecer, comprender e valorar criticamente as distintas manifestacións culturais que determinaron historicamente as distintas respostas das sociedades ás súas necesidades, desenvolvendo valores e actitudes de tolerancia e respecto cara á diversidade cultural e a liberdade de expresión e doutra banda, na capacidade para desenvolver a creatividade a través da comunicación de ideas, detección de necesidades e a súa maneira de resolvelas.

3. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE
4. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

A materia de **Fundamentos de Administración e Xestión** contribuirá a desenvolver nos alumnos as capacidades que permitan ao alumnado:

1. Fomentar a iniciativa emprendedora, desenvolvendo competencias e actitudes persoais: autonomía, creatividade, aprendizaxe continua, cultura do esforzo e da recompensa, espírito de traballo en equipo, liderado, motivación, ética social e empresarial, pensamento crítico e responsabilidade social.
2. Obter unha visión práctica do funcionamento dunha organización. Comprender e manexar as técnicas básicas que se utilizan nas diversas áreas ou departamentos en que se estrutura.
3. Coñecer as distintas formas de constitución dunha organización, lucrativa ou non lucrativa, diferenciando os tipos de sociedades e os trámites necesarios para a súa posta en marcha.
4. Identificar, utilizar e archivar os distintos documentos que xera o desenvolvemento da actividade.
5. Comprender o concepto de patrimonio e o seu rexistro contable.
6. Iniciarse no coñecemento e utilización das tecnoloxías da información e a comunicación aplicadas ás funcións de xestión e administración.
7. Coñecer as fontes onde localizar as normas xurídicas e calquera tipo de información que afecte á organización.
8. Ser capaz de elaborar un proxecto de emprendemento social ou empresarial de forma simulada, desde a súa constitución e posta en marcha, analizando a súa posible viabilidade comercial (estudo de mercado, plan de márketing e análise DAFO), económica (limiar de rendibilidade), financeira (criterio do VAN, plan de investimento e financiamento e previsión de tesourería) e outros criterios diversos, como a súa viabilidade tecnolóxica, xurídico-legal, social e ambiental.
9. Expoñer publicamente o proxecto elaborado, que debe incluír a identificación e presentación dos promotores, selección da idea, análise da contorna, definición da estratexia competitiva, legalización e trámites, nome e logotipo, localización, organización e recursos humanos, descrición e estudo das distintas áreas de actividade e viabilidade do proxecto nos termos descritos anteriormente.

Fundamentos de Administración e Xestión. 2º de bacharelato

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Unidade didáctica	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. Innovación empresarial. A idea de negocio: o proxecto de empresa						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Innovación, desenvolvemento económico e creación de empresas. ▪ B1.2. Idea de negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Relacionar os factores da innovación empresarial coa actividade de creación de empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB1.1.1. Identifica os aspectos da innovación empresarial e explica a súa relevancia no desenvolvemento económico e na creación de emprego. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE 	Recoñece a importancia da innovación no desenvolvemento económico.	1	EO, PE, PT, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB1.1.2. Recoñece experiencias de innovación empresarial e analiza os elementos de risco que levan aparelladas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA 	Describe exemplos de innovación empresarial.	1	EO, PE, TA, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB1.1.3. Valora a importancia da tecnoloxía e de internet como factores clave de innovación e relaciona a innovación coa internacionalización da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE 	Recoñece a importancia das TIC e da internacionalización como factores de innovación.	1	EO, PE, PT, PR, OB
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Relación da empresa co contorno. Análise do sector. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Analizar a información económica do sector de actividade empresarial no que se situará a empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB1.2.1. Analiza o sector empresarial onde se desenvolve a idea de negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE 	Describe os trazos do sector onde se desenvolve a idea de negocio escollida para a simulación empresarial.	1	EO, PE, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB1.2.2. Realiza unha análise do mercado e da competencia para a idea de negocio seleccionada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CD 	Realiza un estudo do mercado e da competencia en relación coa idea de negocio seleccionada.	1	EO, PE, PT, PR, OB
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Emprendedor e idea de negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Seleccionar unha idea de negocio, e valorar e argumentar tecnicamente a elección. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB1.3.1. Explica desde diferentes perspectivas a figura do/da emprendedor/a de negocios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CSC 	Explica con corrección a figura do emprendedor/a de negocios.	1	EO, PE, OB
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB1.3.2. Avalía as repercusións que supón elixir unha idea de negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CAA 	Reflexiona acerca da importancia de escoller unha idea de negocio ou outra.	1	EO, PE, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB1.3.3. Analiza as vantaxes e os inconvenientes de propostas de ideas de negocio realizables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CMCCT 	É quen de madurar unha idea de negocio e de empregar instrumentos de avaliación.	1	PE, PT, PR, OB

Fundamentos de Administración e Xestión. 2º de bacharelato						
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Unidade didáctica	Procedementos e instrumentos de avaliación
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB1.3.4. Expón os seus puntos de vista, mantén unha actitude proactiva e desenvolve iniciativa emprendedora. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCL 	Participa activamente no proxecto e desenvolve a súa capacidade de emprendemento.	todas	EO, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB1.3.5. Traballa en equipo mantendo unha comunicación fluída cos seus compañeiros e coas súas compañeiras para o desenvolvemento do proxecto de empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSIEE 	É quen de traballar en equipo e comunicarse correctamente cos seus compañeiros/as, evitando conflitos.	todas	EO, PR, OB
Bloque 2. A organización interna da empresa. Forma xurídica e recursos						
<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Planificación empresarial e obxectivos. Organización interna. Responsabilidade social da empresa. B2.2. Forma xurídica da empresa. B2.3. Dimensión e localización 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Analizar a organización interna da empresa, a forma xurídica, a localización e os recursos necesarios, e valorar as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto. 	<ul style="list-style-type: none"> FAXB2.1.1. Recoñece os obxectivos e os fins da empresa, e relaciónaos coa súa organización. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CMCCT 	Identifica os obxectivos e fins dunha empresa.	2	EO, PE, PT, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB2.1.2. Reflexiona sobre o papel da responsabilidade social corporativa, e valora a existencia dunha ética dos negocios. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE 	Reflexiona acerca da importancia da RSC e de actuar con ética nos negocios.	2	EO, PE, PT, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB2.1.3. Proporciona argumentos que xustifican a elección da forma xurídica e da localización da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CMCCT 	É quen de identificar os factores que inciden na elección dunha determinada forma xurídica.	2	EO, PE, PT, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB2.1.4. Interpreta a información que proporciona o organigrama dunha empresa e a importancia da descrición de tarefas e funcións para cada posto de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CMCCT CD 	Interpreta correctamente un organigrama da estrutura organizativa dunha empresa.	2	EO, PE, PT, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB2.1.5. Realiza unha previsión dos recursos necesarios para o desenvolvemento do proxecto de empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CAA 	Identifica e valora os recursos necesarios para acometer o proxecto.	2,9	EO, PE, PT, PR, OB
Bloque 3. Documentación e trámites para a posta en marcha da empresa						
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Trámites para a creación e posta en marcha dunha empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Analizar os trámites legais e as actuacións necesarias para crear a empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> FAXB3.1.1. Identifica os diferentes trámites legais necesarios para a posta en marcha dun negocio e recoñece os organismos ante os cales han de presentarse os trámites. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CMCCT CD CSIEE 	Entende cales son os trámites legais para poñer en marcha unha empresa e sabe a que organismos hai que acudir a realizalos.	3	EO, PE, PT, PR, OB

Fundamentos de Administración e Xestión. 2º de bacharelato

Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Unidade didáctica	Procedementos e instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Trámites para a creación e posta en marcha dunha empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Xestionar a documentación necesaria para a posta en marcha dunha empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> FAXB3.2.1. Interpreta e sabe realizar os trámites fiscais, laborais, de Seguridade Social e outros para a posta en marcha. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CD 	É quen de realizar os trámites fiscais e laborais e de S. Social máis importantes para poñer en marcha unha empresa.	3	EO, PE, PT, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB3.2.2. Valora a necesidade do cumprimento dos prazos legais para efectuar os trámites de creación dun negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC 	Recoñece a importancia de cumprir os prazos legais na realización dos distintos trámites.	3	EO, PE, PR, OB
Bloque 4. O plan de aprovisionamento						
<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Plan de aprovisionamento. B4.2. Xestión de inventarios. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Establecer os obxectivos e as necesidades de aprovisionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> FAXB4.1.1. Deseña un plan de aprovisionamento da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CD 	É quen de perfilar un modelo de aprovisionamento.	5	EO, PE, PP, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB4.1.2. Aplica métodos de valoración de existencias. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD 	Calcula correctamente o valor das existencias finais dunha empresa segundo o PXC.	5	PE, PP, PR, OB
<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Selección de provedores. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Realizar procesos de selección de provedores analizando as condicións técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> FAXB4.2.1. Identifica os tipos de documentos utilizados para o intercambio de información con provedores. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT CD 	Comprende a documentación intercambiada cos provedores.	5	EO, PE, PT, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB4.2.2. Utiliza diferentes fontes para a procura de provedores en liña e offline. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT 	Emprega diferentes vías para a procura de provedores.	5	EO, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB4.2.3. Relaciona e compara as ofertas de provedores, utilizando diversos criterios de selección, e explica as vantaxes e os inconvenientes de cada unha. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CD 	É quen de comparar distintas ofertas de provedores.	5	EO, PE, PT, PR, OB
<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Xestión de compras. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Planificar a xestión das relacións con provedores, aplicando técnicas de negociación e comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> FAXB4.3.1. Identifica e aplica técnicas de negociación e comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSIEE 	Desenvolve habilidades de negociación e comunicación.	5	EO, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB4.3.2. Recoñece as etapas nun proceso de negociación de condicións de aprovisionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE 	Identifica distintas etapas no proceso de negociación.	5	EO, PE, PT, PR, OB

Fundamentos de Administración e Xestión. 2º de bacharelato						
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Unidade didáctica	Procedementos e instrumentos de avaliación
			<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 			
Bloque 5. Xestión comercial e márketing na empresa						
<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Xestión comercial na empresa. Plan de márketing. Márketing-mix. B5.2. Análise do mercado e do comportamento do/da consumidor/a. Atención á clientela. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Desenvolver a comercialización dos produtos ou servizos da empresa e o plan de márketing. 	<ul style="list-style-type: none"> FAXB5.1.1. Analiza o proceso de comercialización dos produtos ou servizos da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CMCCT 	Comprende a importancia do proceso de comercialización.	6	EO, PE, PT, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB5.1.2. Explica as características da clientela potencial da empresa e identifica o comportamento dos competidores desta. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT 	Identifica ao seu público "target" e analiza o papel que están xogando os competidores no mercado.	6	EO, PE, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB5.1.3. Aplica procesos de comunicación e habilidades sociais en situacións de atención á clientela e operacións comerciais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CMCCT CD 	Desenvolve habilidades sociais e comunicativas.	6	EO, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB5.1.4. Realiza unha previsión de vendas a curto e a medio prazo, manexando a folla de cálculo. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT 	Realiza cálculos conducentes a facer previsións de vendas.	6	PP, PR, OB
<ul style="list-style-type: none"> B5.3. Produto e prezo 	<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Fixar os prezos de comercialización dos produtos ou os servizos, e comparalos cos da competencia. 	<ul style="list-style-type: none"> FAXB5.2.1. Reflexiona sobre as estratexias de prezos tendo en conta as características do produto ou do servizo, e argumenta sobre a decisión do establecemento do prezo de venda. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CSIEE 	Explica de forma coherente cal é a estratexia de prezos escollida.	6	EO, PE, PR, OB
<ul style="list-style-type: none"> B5.4. Publicidade e promoción. B5.5. Distribución dos produtos e dos servizos da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.3. Analizar as políticas de márketing aplicadas á xestión comercial. 	<ul style="list-style-type: none"> FAXB5.3.1. Elabora un plan de medios onde se describan as accións de promoción e publicidade para atraer a clientela potencial, facendo especial fincapé nas aplicadas en internet e dispositivos móbiles. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC CMCCT CD 	Utiliza distintas accións de promoción e publicidade para o seu proxecto.	6	EO, PE, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB5.3.2. Valora e explica as canles de distribución e venda que pode utilizar a empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCL CMCCT 	Identifica as distintas canles de distribución existentes.	6	EO, PE, PT, PR, OB
Bloque 6. Xestión dos recursos humanos						
<ul style="list-style-type: none"> B6.1. Planificación dos 	<ul style="list-style-type: none"> B6.1. Planificar a xestión 	<ul style="list-style-type: none"> FAXB6.1.1. Avalía as necesidades da empresa, e analiza e 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE 	É quen de describir as	7	EO, PE, PT, PR,

Fundamentos de Administración e Xestión. 2º de bacharelato						
Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Unidade didáctica	Procedementos e instrumentos de avaliación
recursos humanos. ▪ B6.2. Recrutamento e selección de persoal.	dos recursos humanos.	describe os postos de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD 	tarefas a realizar na empresa e analizar os postos de traballo necesarios para realizalas.		OB
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB6.1.2. Identifica as fontes de recrutamento, así como as fases do proceso de selección de persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT 	Describe como sería un proceso de recrutamento e selección de RRHH.	7	EO, PE, PR, OB
▪ B6.3. Xestión laboral, contratación, Seguridade Social e nóminas.	▪ B6.2. Xestionar a documentación que xera o proceso de selección e contratación de persoal, aplicando as normas vixentes.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB6.2.1. Analiza e aplica para a empresa as formalidades e as modalidades documentais de contratación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD 	Interpreta axeitadamente as características dos distintos modelos de contrato de traballo.	7	EO, PE, PT, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB6.2.2. Identifica as subvencións e os incentivos á contratación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD 	Consulta posibilidades de obter axudas á contratación de empregados.	3,7	PE, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB6.2.3. Recoñece as obrigas administrativas do/da empresario/a ante a Seguridade Social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE 	Entende cales son as obrigas do/a empresario/a coa S. Social.	3,7	EO, PE, PT, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB6.2.4. Analiza os documentos do proceso de retribución e cotización do persoal e de xustificación do pagamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD 	Calcula recibos de salarios sinxelos e interpreta a información contida nos documentos de cotización.	7	PE, PP, PR, OB
Bloque 7. Xestión da contabilidade da empresa						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Fundamentos de contabilidade financeira. ▪ B7.2. Plan Xeral de Contabilidade. ▪ B7.3. Ciclo contable. ▪ B7.4. Fiscalidade da empresa: liquidación e rexistro contable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Contabilizar os feitos contables derivados das operacións da empresa, cumprindo os criterios establecidos no Plan Xeral de Contabilidade (PXC). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB7.1.1. Opera cos elementos patrimoniais da empresa, valora a metodoloxía contable e explica o papel dos libros contables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD 	Desenvolve os coñecementos básicos do ciclo contable dunha empresa.	8	EO, PE, PT, PP, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB7.1.2. Analiza e representa os principais feitos contables da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CMCCT 	É quen de realizar anotacións contables non moi complexas.	8	PE, PT, PP, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB7.1.3. Identifica o concepto de amortización e procede ao seu rexistro contable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD 	Interpreta correctamente o concepto de amortización contable.	8	EO, PE, PT, PP, PR, OB

Fundamentos de Administración e Xestión. 2º de bacharelato

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Unidade didáctica	Procedementos e instrumentos de avaliación
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB7.1.4. Analiza e asigna os gastos e os ingresos ao exercicio económico ao que correspondan, con independencia das súas datas de pagamento ou cobramento. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CSIEE 	Entende o principio contable do devengo.	8	EO, PE, PT, PP, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB7.1.5. Distingue as fases do ciclo contable, analiza o proceso contable de pechamento de exercicio e determina o resultado económico obtido pola empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD 	Razona cal é o proceso de cálculo do resultado.	8	EO, PE, PP, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB7.1.6. Analiza as obrigas contables e fiscais, e a documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CMCCT CD 	Distingue e cumprimenta algúns documentos contables e documentos fiscais.	8	PE, PP, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB7.1.7. Manexa a nivel básico unha aplicación informática de contabilidade, onde realiza todas as operacións necesarias e presenta o proceso contable correspondente a un ciclo económico. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT 	Iníciase na utilización dunha aplicación contable.	8	PP, PR, OB
Bloque 8. Inversión e xestión financeira. Viabilidade da empresa						
<ul style="list-style-type: none"> B8.1. Estrutura económica e financeira da empresa. Equilibrio patrimonial. B8.2. Planificación financeira da empresa. Novas formas de financiamento. 	<ul style="list-style-type: none"> B8.1. Determinar o investimento necesario e as necesidades financeiras para a empresa, identificando as alternativas de financiamento posibles. 	<ul style="list-style-type: none"> FAXB8.1.1. Elabora un plan de investimentos da empresa, que inclúa o activo non corrente e o corrente. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CAA CMCCT 	Describe os investimentos necesarios e clasifícaos en ANC ou AC.	9	EO, PE, PT, PP, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB8.1.2. Analiza e selecciona as fontes de financiamento da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD 	É quen de analizar diferentes alternativas de financiamento.	9	EO, PE, PT, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB8.1.3. Recoñece as necesidades de financiamento da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE 	Valora as necesidades de financiamento con criterio.	9	EO, PE, PR, OB
<ul style="list-style-type: none"> B8.3. Métodos de selección e valoración de investimentos. B8.4. Análise da viabilidade da empresa. B8.5. Solvencia e liquidez na empresa. Previsións de tesouraría. 	<ul style="list-style-type: none"> B8.2. Avaliar a viabilidade da empresa, de acordo con diferentes tipos de análise. 	<ul style="list-style-type: none"> FAXB8.2.1. Determina e explica a viabilidade da empresa, tanto a nivel económico e financeiro como a nivel comercial e ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CSC CCL 	Razona acerca das posibilidades de que o proxecto sexa viable a nivel económico e financeiro.	9	EO, PE, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB8.2.2. Aplica métodos de selección de investimentos e analiza os investimentos necesarios para a posta en marcha. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CMCCT CD 	Distingue métodos de selección de investimentos como o VAN e a TIR.	9	PE, PT, PP, PR, OB

Fundamentos de Administración e Xestión. 2º de bacharelato						
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Unidade didáctica	Procedementos e instrumentos de avaliación
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB8.2.3. Elabora estados de previsión de tesouraría e explica alternativas para a resolución de problemas puntuais de tesouraría. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD 	É quen de realizar unha previsión de tesouraría.	9	PP, PR, OB
<ul style="list-style-type: none"> B8.6. Custo e selección de fontes financeiras. Axudas á creación de empresas en Galicia. B8.7. Morosidade empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> B8.3. Analizar e verificar o acceso ás fontes de financiamento para a posta en marcha do negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> FAXB8.3.1. Valora as fontes de financiamento, así como o custo do financiamento e as axudas financeiras e subvencións. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CD 	Relaciona cada fonte de financiamento o seu custo financeiro.	9	EO, PE, PT, PP, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB8.3.2. Comprende o papel dos intermediarios financeiros na actividade cotiá das empresas e na sociedade actual. FAXB8.3.3. Distingue o papel dos intermediarios financeiros na actividade cotiá das empresas e na sociedade actual. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CMCCT CD 	Reflexiona acerca do papel dos bancos na vida das empresas.	9	EO, PE, PR, OB
		<ul style="list-style-type: none"> FAXB8.3.4. Valora a importancia, no mundo empresarial, de responder en prazo aos compromisos de pagamento adquiridos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE 	Valora a importancia de ser solvente.	9	EO, PE, PT, PP, PR, OB
Bloque 9. Presentación da idea de negocio						
<ul style="list-style-type: none"> B9.1. Plan de negocio. Técnicas de presentación e edición do plan de negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> B9.1. Expor e comunicar publicamente o proxecto de empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> FAXB9.1.1. Utiliza habilidades comunicativas e técnicas para atraer a atención na exposición pública do proxecto de empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CSIEE 	Desenvolve habilidades comunicativas.	todas	EO, PR, OB
<ul style="list-style-type: none"> B9.2. Ferramentas audiovisuais para a presentación de proxectos. 	<ul style="list-style-type: none"> B9.2. Utilizar ferramentas informáticas que apoian a comunicación e a presentación do proxecto. 	<ul style="list-style-type: none"> FAXB9.2.1. Manexa ferramentas informáticas e audiovisuais atractivas que axudan a unha difusión efectiva do proxecto. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CCL CMCCT 	É quen de presentar o proxecto empregando correctamente as TIC.	todas	EO, PR, OB

5. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

PRIMEIRA AVALIACIÓN:

Unidade 1. A idea, o emprendedor e o plan de negocio	Temporalización: 8 sesións lectivas	Unidade 2. A organización interna da empresa. Forma xurídica e recursos.	Temporalización: 10 sesións lectivas	Unidade 3. Documentación e trámites para a posta en marcha da empresa.	Temporalización: 8 sesións lectivas
<ul style="list-style-type: none"> A idea de negocio. A innovación. O emprendedor. A análise do contorno. O plan de negocio ou proxecto de empresa. 		<ul style="list-style-type: none"> Finalidade da empresa. Responsabilidade Social Corporativa. Tipos de empresas. Funcionamento dunha sociedade. As formas xurídicas. Localización. 		<ul style="list-style-type: none"> Organismos e institucións. Trámites de constitución. Trámites de posta en marcha. Xestión dos prazos. 	

SEGUNDA AVALIACIÓN:

Unidade 4. Introducción á contabilidade da empresa.	Temporalización: 10 sesións lectivas	Unidade 5. O plan de aprovisionamento	Temporalización: 8 sesións lectivas	Unidade 6. Xestión comercial e de marketing na empresa	Temporalización: 10 sesións lectivas
<ul style="list-style-type: none"> O concepto económico da empresa e o patrimonio. As masas patrimoniais. A contabilidade: concepto, obxectivo e fins. As contas. O sistema de partida dobre. Os libros contables: estrutura, características e uso. O Plan Xeral de Contabilidade. 		<ul style="list-style-type: none"> O plan de aprovisionamento: a xestión de compras, de almacén e de stocks. A negociación cos provedores. A operación de compravenda. O Imposto sobre o Valor Engadido (IVE). O proceso de compra. Contabilidade das operacións de aprovisionamento. 		<ul style="list-style-type: none"> Proceso de comercialización. Xestión comercial. Investigación de mercado. Marketing. Política de marketing para a xestión comercial. Plan de medios. Contabilidade das operacións de comercialización. 	

TERCEIRA AVALIACIÓN:

Unidade 7. Xestión dos recursos humanos	Temporalización: 10 sesións lectivas	Unidade 8. Xestión da contabilidade da empresa	Temporalización: 8 sesións lectivas	Unidade 9. Xestión ds necesidades de investimento e financiamento. Viabilidade da empresa.	Temporalización: 8 sesións lectivas	Unidade 10. Exposición pública do desenvolvemento da idea de negocio.	Temporalización: 4 sesións lectivas.
<ul style="list-style-type: none"> O proceso de selección de persoal: planificación, recrutamento, selección e formación. Lexislación laboral básica. O contrato de traballo: tipos. As nóminas: liquidación de seguros sociais e IRPF. Registro contable das operacións de persoal. 		<ul style="list-style-type: none"> Outros ingresos e gastos. A amortización do inmovilizado. As liquidacións periódicas de IVE. O proceso de regularización contable e o peche do exercicio. As contas anuais. As contas anuais das PEMES. 		<ul style="list-style-type: none"> Financiamento. Fontes de financiamento. Apoio ao emprendemento. O custo de financiamento. Os intermediarios financeiros. O departamento financeiro. 		<ul style="list-style-type: none"> Presentación do plan de empresa. Técnicas de comunicación verbal e non verbal. Utilización de ferramentas multimedia na presentación de proxectos empresariais. 	

6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Fundamentos de Administración e Xestión require dun enfoque metodolóxico activo, participativo e eminentemente práctico que facilite a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais, que se apoiarán en estruturas de aprendizaxe cooperativa, a través da resolución conxunta das tarefas. As metodoloxías que permiten a aprendizaxe por proxectos, o estudo de casos ou a aprendizaxe baseada en problemas favorecen a participación activa, a experimentación e facilitan o desenvolvemento das competencias clave.

É conveniente o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando a integración das novas tecnoloxías no proceso de ensino e aprendizaxe. Hoxe en día o éxito crecente de aplicacións sociais e as denominadas contornas de aprendizaxe persoais (PLE, Personal Learning Environments) posibilitan a aprendizaxe por Internet, modifícanos e lévannos a novos desafíos. O uso das novas tecnoloxías permite recoñecer o estilo de aprendizaxe de cada un dos alumnos e alumnas, centrarse nas súas necesidades específicas, contribuír a preparalos para a aprendizaxe ao longo da vida e o traballo fóra da escola.

Os contidos vertébranse na realización ou simulación dun **proxecto de emprendemento social e/ou empresarial** e no coñecemento das diferentes áreas da empresa e das conexións existentes entre elas e coa contorna. Propiciarase o traballo en equipo, que permitirá desenvolver habilidades sociais, valorando as ideas dos demais mediante o diálogo e negociación e desenvolvendo o proxecto de forma cooperativa e flexible. Tomando como referencia os **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (Axenda 2030 da ONU para “Transformar o noso mundo”)**, e de acordo coas liñas establecidas no **Plan de Acción Axenda 2030** desenvolvido polo Goberno de España para contribuír á consecución de tales obxectivos e en liña coas **Estratexias Española e Galega de Economía Circular**, destinadas a impulsar a transición cara un modelo económico e produtivo no que o valor dos produtos, os materiais e os recursos se manteña na economía durante o maior tempo posible e minimize a xeración de residuos; esta proposta metodolóxica consiste na creación dun espazo de emprendemento sostible que favoreza a creatividade e o desenvolvemento de iniciativas que contribúan ao desenvolvemento sostible, con capacidade de traspasar a aula para converterse en proxectos interdisciplinares ou os muros do centro, para converterse en iniciativas comunitarias. Trátase dunha proposta aberta e global, na que a través da **metodoloxía de traballo por proxectos** (ABP, PBL -Project Based Learning-) e a **aprendizaxe colaborativa**, desenvolveranse **iniciativas de emprendemento sostible** vinculadas aos **ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles)**. Para esta materia, centrarémonos fundamentalmente nos ODS máis relacionados cos contidos de carácter económico que establece o currículo da materia:

ODS 1: Fin da pobreza.

ODS 2: Fame cero.

ODS 8: Traballo decente e crecemento económico.

ODS 10: Redución das desigualdades.

ODS 12: Produción e consumo responsables.

ODS 13: Acción polo clima. ...

O traballo por proxectos favorece un aprendizaxe orientado á acción no que os estudantes poñen en xogo un amplo conxunto de coñecementos, habilidades ou

destrezas, considerando especialmente a **integración das TIC** no proceso de ensinanza-aprendizaxe. A tal fin farase uso dun contorno común virtual de traballo (**Google apps for education**) a partir das ferramentas asociadas ao correo corporativo do centro (iesdavidbujan.com), tales como a creación de espazos virtuais creados a través de Blogger ou de Google Sites, sen esquecer a potencialidade da propia web do centro e da súa Aula virtual.

A aprendizaxe colaborativa e significativa require crear na aula un clima que favoreza a autonomía do alumnado na toma de decisións, a participación na organización do proceso de ensino-aprendizaxe, a responsabilidade como persoa pertencente a un grupo, a coordinación de intereses e a superación de calquera tipo de discriminación, entre outras cuestións. Con tal fin, a proposta queda aberta tamén á utilización doutras metodoloxías que axuden a contextualizar a aprendizaxe tales como a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo do caso, aprendizaxe e servizo...

O eixe da materia será o desenvolvemento dun proxecto baixo a denominación xenérica "**Axenda 2030 Economía IES David Buján**" ligado á proposta ou seguimento de iniciativas que se vaian desenvolvendo na aula para avanzar na consecución dos **ODS** coas contribucións do propio alumnado ao longo do curso, as cales serán publicadas nun blogue/web con ligazón á web do centro, e tendo como referencia en todo momento o currículo da materia.

Esta metodoloxía didáctica favorece a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

O elemento motivador é esencial en todo proceso educativo. Atraer a atención dos estudantes sobre aspectos relacionados coa organización, xestión e administración de empresas pode ser máis sinxelo se se apoia coa exposición, por parte dos seus protagonistas, de experiencias de éxito reais de mozos/as emprendedores. Neste sentido, ao longo do curso procuraranse actividades complementarias deste tipo.

A realización do proxecto empresarial desenvolverase ao longo do curso, aplicando de forma interdisciplinar e integradora os coñecementos adquiridos polo alumnado sobre o funcionamento das diferentes áreas da empresa. Os alumnos deberán expoñelo en público ante os seus compañeiros, para favorecer a comunicación. Para a realización do devandito traballo recorrerase á utilización de diversas fontes de información, textos, aplicacións informáticas, redes sociais, Internet, ou prensa diaria como recursos didácticos, así como outras publicacións alcanzables a este nivel.

A localización e interpretación de información externa é un aspecto fundamental nesta materia e require a colaboración do profesor, sempre sen anular a iniciativa dos grupos. Séguese o modelo de clase activa no cal o profesor é o director do proceso educativo e como tal actúa pero o alumno é o protagonista da aprendizaxe. Así, ponse ao estudante ante a necesidade de «saír á rúa» e obter información da realidade, investigando sobre diferentes aspectos para analizalos e integralos cos propios contidos da materia, na elaboración dun proxecto en grupo. Haberá unha media de dous ou tres alumnos/as por grupo para desenvolver os proxectos. Cada grupo deberá realizar todas as actividades necesarias para a elaboración do seu propio proxecto. É importante que, segundo se vaian realizando estas actividades, se analicen paralelamente os traballos elaborados, poñendo en común os seus logros ou erros, e sendo o profesor quen os corrixa, achegando en

cada caso a solución correcta e realizando as explicacións que se consideren convenientes. Aínda que internamente se dividan o traballo dentro de cada grupo, hai que deixar claro que todos os seus compoñentes son responsables e que todos deben coñecer a totalidade das cuestións relativas a cada unha das diferentes fases do proxecto. Resulta imprescindible que o estudante vaia conservando de forma ordenada os traballos realizados e a documentación e información utilizada, levando un axeitado control dos mesmos. A documentación en soporte informático debe ser convenientemente arquivada e controlada polos alumnos. Os procesadores de texto, as follas de cálculo e os programas de presentación, acceso a internet, constitúen ferramentas imprescindibles para a elaboración dos proxectos. A estes efectos é moi necesario que os alumnos garden sempre unha copia de seguridade dos seus traballos.

Unha vez concluídos os traballos polos alumnos, os alumnos deben presentar este informe xunto cos documentos e a información máis relevante que obteñan, analizado e manexado como soporte para as decisións tomadas e os argumentos utilizados no desenvolvemento do seu proxecto. É conveniente que a presentación do informe escrito se complemente coa súa exposición oral, ante o profesor e o resto de compañeiros. Os alumnos, nestes casos, deben realizar unha exposición que resuma o traballo realizado na fase, as decisións tomadas, as dificultades atopadas e a superación das mesmas. Ao finalizar a exposición débese de abrir un pequeno debate co resto dos grupos sobre os puntos do traballo presentado e a exposición realizada. Esta exposición oral avaliarase mediante unha nota que forme parte da cualificación final da fase, xunto coa cualificación do informe escrito. Na avaliación da exposición oral que realice cada grupo darase participación aos compoñentes do resto dos grupos da clase. Cada un dos grupos valorará a exposición dos seus compañeiros destacando os aspectos positivos e negativos da intervención. As exposicións orais poden consumir unha parte de tempo adicional que en moitos casos podería necesitarse para poder completar o desenvolvemento de todas as fases do proxecto coa dedicación e os niveis requiridos. Por este motivo, aínda que a súa realización en todas as fases sexa moi conveniente, deixarase de realizar nalgunhas para poder dedicar máis tempo á súa elaboración. Para previr estes casos de escaseza de tempo, pódense realizar soamente as exposicións orais nas primeiras fases do proxecto (nas dúas ou tres primeiras fases) e suprimilas despois nas demais fases até chegar á última fase de proxecto, onde os estudantes teñen que realizar a presentación, tanto escrita como oral, do proxecto completo.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Como material de referencia será empregado o libro de texto:

“Fundamentos de administración y gestión – 2º bachillerato”

Autores: Francisco M. Pinilla Más, Ana Gil Cid, Cristina Hernando Polo, Isabel Lázaro Polo e José Antonio Martínez Beorlegui.

Editorial: McGraw-Hill

ISBN: 978-84-486-1240-5

Ademais do libro de texto, poñerase a disposición do alumnado, apuntamentos do profesor xunto co material dispoñible na rede e recompilado na Aula virtual do centro.

BIBLIOGRAFÍA DE APOIO:

AUTOR	TÍTULO	EDITORIAL
ALBI IBÁÑEZ, E. E GARCÍA ARIZNAVARRETA, J.L.	SISTEMA FISCAL ESPAÑOL	ARIEL
AGUIRRE SÁDABA, A..	FUNDAMENTOS DE ECONOMÍA Y ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS	PIRÁMIDE
ALONSO OLEA, M, CASAS BAAMONDE, M.E.	DERECHO DEL TRABAJO	ED. FAC. DE DERECHO. UNIV. COMPLUT. MADRID
AMAT, O.	ANÁLISIS ECONÓMICO FINANCIERO.	GESTIÓN, 2000.
BOSCH, ALBERT	ESPÍRITU DE AVENTURA. LOS 7 RETOS DEL EMPRENDEDOR.	EMPRESA ACTIVA
BUENO CAMPOS, E.; CRUZ ROCHE, I. E DURÁN HERRERA, J.J.	ECONOMÍA DE LA EMPRESA (ANÁLISIS DE LAS DECISIONES EMPRESARIALES)	PIRÁMIDE
BUENO CAMPOS, E.	ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS. ESTRUCTURA, PROCESOS Y MODELOS.	PIRÁMIDE
CENTRO DE ESTUDIOS FINANCIEROS	PLAN GENERAL DE CONTABILIDAD	CEF
CIVITAS	CÓDIGO DE COMERCIO Y LEYES COMPLEMENTARIAS	ED. CIVITAS
CORBELLA GÓMEZ, MARIANO:	LA FORMA JURÍDICA DE LA EMPRESA, APLICACIONES, MODELOS Y UTILIDADES.	ESIC
ESTEO SÁNCHEZ, F.	ANÁLISIS DE LOS ESTADOS FINANCIEROS, PLANIFICACIÓN Y CONTROL.	CENTRO DE ESTUDIOS FINANCIEROS
FERNÁNDEZ GAGO, R.	ADMINISTRACIÓN DE LA RESPONSABILIDAD SOCIAL CORPORATIVA.	PARANINFO
FERNÁNDEZ GARITAONANDÍA, ANTONIO	ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE EMPRESAS	ED. UNIVERSIDADE DA CORUÑA
FERNÁNDEZ PIRLA, J.A.	ECONOMÍA Y GESTIÓN DE LA EMPRESA	ICE, MADRID
FUENTES QUINTANA, E.	HACIENDA PÚBLICA: INTRODUCCIÓN, PRESUPUESTO E INGRESOS PÚBLICOS	APUNTES DO AUTOR
GODIN, SETH	LA VACA PÚRPURA	GESTIÓN 2000
GONZÁLEZ, F. E VENTURA, J.	FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS.	PIRÁMIDE.
GONZÁLEZ LAXE, FERNANDO	ESTRUCTURA ECONÓMICA DE GALICIA	ESPASA CALPE
KOTLER, P.	LA GUÍA DEFINITIVA DEL PLAN DE MARKETING.	PRENTICE HALL
LAMBIN, J. J.	MARKETING ESTRATÉGICO.	MC GRAW HILL
MARI VIDAL, SERGIO	ANÁLISIS ECONÓMICO-FINANCIERO: SUPUESTOS PRÁCTICOS	UNIV. POLITÉCNICA DE VALENCIA
MINTZBERG, H.	LA ESTRUCTURACIÓN DE LAS ORGANIZACIONES.	ARIEL
MUÑIZ, R.	MARKETING EN EL SIGLO XXI.	CENTRO DE ESTUDIOS FINANCIEROS.
NUENO, PEDRO	EMPRENDIENDO HACIA EL 2020	DEUSTO
OMEÑACA GARCÍA, J.	CONTABILIDAD GENERAL	ED. DEUSTO
PERDIGUERO T. G., E GARCÍA, A.	LA RESPONSABILIDAD SOCIAL DE LAS EMPRESAS Y LOS NUEVOS DESAFÍOS DE LA GESTIÓN EMPRESARIAL.	UNIVERSIDAD DE VALENCIA, 2005.
PÉREZ GOROSTEGUI, EDUARDO	INTRODUCCIÓN A LA ECONOMÍA DE LA EMPRESA	CENTRO DE ESTUDIOS RAMÓN ARECES
PINTADO CONESA, JUAN JOSÉ	EJERCICIOS DE ECONOMÍA GENERAL Y DE EMPRESA	CENTRO DE ESTUDIOS FINANCIEROS

PISÓN FERNÁNDEZ, I.	GESTIÓN Y DIRECCIÓN FINANCIERA DE LA EMPRESA.	PIRÁMIDE
PORTER, M.	LA VENTAJA COMPETITIVA	CECSA
POVEDA BLANCO, F.	SISTEMA FISCAL. ESQUEMAS Y SUPUESTOS PRÁCTICOS	ED. DEUSTO
PUCHOL, L.	CASOS Y SUPUESTOS DE DIRECCIÓN Y GESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS.	DÍAZ DE SANTOS
RIVERO, JOSÉ	CONTABILIDAD FINANCIERA	ICE
RIVERO, JOSÉ	ANÁLISIS DE ESTADOS FINANCIEROS	TRIVIUM
RIVERO TORRE, P.	ANÁLISIS DE BALANCES Y ESTADOS COMPLEMENTARIOS.	PIRÁMIDE
SÁNCHEZ ARROYO, G.	EJERCICIOS DE CONTABILIDAD Y ANÁLISIS E INTERPRETACIÓN DE LA INFORMACIÓN CONTABLE.	PIRÁMIDE
SANTESMASES, M.	MARKETING, CONCEPTOS Y ESTRATEGIAS.	PIRÁMIDE
SUÁREZ SUÁREZ, A.	DECISIONES ÓPTIMAS DE INVERSIÓN Y FINANCIACIÓN EN LA EMPRESA	PIRÁMIDE
SUÁREZ SUÁREZ, A.	CURSO DE ECONOMÍA DE LA EMPRESA	PIRÁMIDE
TAMAMES, RAMÓN	DICCIONARIO DE ECONOMÍA	ALIANZA DICCIONARIOS
URÍA, RODRIGO	DERECHO MERCANTIL	MARCIAL PONS EDICIONES JURÍDICAS, S. A.

BANDA DESEÑADA:

1	Sande, José e Calvo, Juan Carlos	Bolsa en ½ hora	Compartiendo Conocimiento, S.L.
2	Sande, José e Calvo, Juan Carlos	Economía en ½ hora	Compartiendo Conocimiento, S.L.
3	Sande, José e Calvo, Juan Carlos	Emprender en ½ hora	Compartiendo Conocimiento, S.L.
4	Sande, José e Calvo, Juan Carlos	Empresa en ½ hora	Compartiendo Conocimiento, S.L.
5	Sande, José e Calvo, Juan Carlos	Finanzas en ½ hora	Compartiendo Conocimiento, S.L.

REVISTAS:

- Revista de Actualización Empresarial, CEF
- Actualidad económica: <http://www.expansion.com/actualidadeconomica.html>
- Emprendedores www.emprendedores.es

PRENSA:

- 5 DÍAS: <http://www.cincodias.com/>
- Expansión: <http://www.expansion.com/>
- El Economista: <http://www.eleconomista.es/>
- El País: <http://www.elpais.com/>

VIDEOS / PELÍCULAS:

- Videos de Emprendedores (Banespyme)
- Tempos Modernos
- Pisando fuerte
- Os piratas de Silicon Valley. Historia de emprendedores.
- A camioneta
- O Método
- Recursos humanos
- O Informador
- Wall Street

WEBGRAFÍA:

Educación financeira:

Finanzas para todos:

<http://finanzasparatodos.es/>

Portal do cliente bancario:

<https://cliente bancario.bde.es/pcb/es/>

Finanzas para mortales:

<https://www.finanzasparamortales.es/>

Portal Banco de España:

<https://portaleducativo.bde.es/educa/es/>

Concurso Generación Euro BDE:

<https://www.generationeuro.eu/index.php?id=1&L=6>

Banco Central Europeo:

<https://www.ecb.europa.eu/ecb/html/index.es.html>

A Bolsa virtual:

<https://www.labolsavirtual.com/>

Bolsa de Madrid:

<http://www.bolsamadrid.es/esp/asp/Portada/Portada.aspx>

Educación tributaria:

Portal de educación cívico-tributaria da Axencia Tributaria:

https://www.agenciatributaria.es/AEAT.educacion/HomeEducacion_es_ES.html

Axencia Tributaria:

<https://www.agenciatributaria.es/>

Consellería de Facenda:

<https://www.xunta.gal/facenda>

Portal da Unión Europea:

https://europa.eu/european-union/index_es

Recursos para estudantes de Economía:

Olimpiadas galegas de Economía:

<http://www.universidadelaboral.es/olimpiadas/>

Econolandia:

<http://www.econolandia.es/>

Econosublime:

<http://www.econosublime.com/>

Compartiendo conocimiento:

<https://josesande.com/>

Dobconomía:

<http://dobconomia.blogspot.com/>

D'Economía blog:

<https://deconomiablog.blogspot.com/>

Ecodubi:

<http://ecodubi.blogspot.com/>

Jramajo.com

<http://www.jramajo.com/>

Para profes de Economía:

<https://paraprofesdeconomia.com/>

El profe de Eco:

<https://elprofedeeco.blogspot.com/>

Econoweb:

<http://econoweb.es/>

Ecobachillerato:

<http://www.ecobachillerato.com/>

Educatube:

<https://www.educatube.es/videos/economia/>

Videos de Economía e Empresa:

<http://videoseconomia.blogspot.com/>

Flipped Classroom (videos):

<https://www.youtube.com/channel/UCZVjLChWpn6l8rn864L0bMg>

Economía visual:

<http://www.economiavisual.com/>

Datos estadísticos:

INE (Instituto Nacional de Estadística):

<https://www.ine.es/>

IGE (Instituto Nacional de Estadística):

<https://www.ige.eu/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>

Eurostat:

https://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php/Main_Page/es

Estadísticas OCDE:

<https://data.oecd.org/>

Datosmacro.com:

<https://datosmacro.expansion.com/>

Información laboral:

Portal da Seguridade Social:

<http://www.seg-social.es/wps/portal/wss/internet/Inicio>

Servizo Público de Emprego Estatal:

<https://www.sepe.es/HomeSepe>

Consellería de Economía, Emprego e Industria:

<https://www.xunta.gal/ceei>

Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo:

<https://www.insst.es/>

Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia:

<http://issga.xunta.gal/portal/index.html>

Guía Laboral:

<http://www.mitramiss.gob.es/es/Guia/texto/>

Recursos FOL (Tempos modernos):

<http://www.tiemposmodernos.eu/>

Economía internacional:

Instituto Español de Comercio Exterior:

<https://www.icex.es/icex/es/index.html>

Banco Mundial:

<https://www.bancomundial.org/>

Fondo Monetario Internacional:

<https://www.imf.org/external/spanish/index.htm>

Organización Mundial do Comercio:

<https://www.wto.org/indexsp.htm>

8. AVALIACIÓN: CRITERIOS DE AVALIACIÓN, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de avaliación están expostos no cadro do apartado 3, 4 desta programación.

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Nome	Descrición
Exposición oral (EO)	Instrumentarase a través da defensa dun traballo, unha presentación en grupo, unha entrevista profesor-alumno ou un debate ou posta en común.
Proba escrita de resposta aberta (PE)	Control no que o alumno constrúe a súa resposta ao redor dun tema. Pódese conceder o dereito a consultar material de apoio.
Proba obxectiva (tipo test) (PT)	Exame escrito estruturado con diversas preguntas nas que o/a alumno/a non elabora a resposta, só ha de sinalala ou completala, pero que permite avaliar sobre unha ampla base de coñecementos.
Proba práctica (PP)	Análise e resolución dunha situación práctica para que se expoña unha solución apropiada.
Traballo académico (TA)	Desenvolvemento dun proxecto con soporte dixital en Google sites que pode ir desde traballos breves e sinxelos até traballos amplos e complexos.
<i>One minute paper</i> (OM)	Son preguntas que se realizan durante ou ao finalizar unha clase, útiles para aprender a escoitar e aprender na mesma clase.
Proxecto (PR)	Estratexia didáctica na que os estudantes desenvolven un produto novo e único mediante a realización dunha serie de tarefas e o uso efectivo de diversos recursos (con soporte en Google sites).
Observación (OB)	Estratexia baseada na recollida sistemática de datos no propio contexto de aprendizaxe: execución de tarefas, casos prácticos, ... observables a través do caderno dixital (portfolio con soporte en Google sites), traballo na aula, actividades realizadas na aula virtual, ...

Nas devanditas probas ou traballos observaranse os seguintes aspectos:

- A correcta utilización de conceptos, definicións e características propias do mundo económico e empresarial.
- Xustificacións teóricas axeitadas que se acheguen no desenvolvemento das respostas.
- Claridade, precisión na aplicación práctica dos conceptos teóricos, orde e coherencia na exposición.
- Deberán figurar as operacións de modo que poida reconstruírse a argumentación lóxica e os cálculos do alumno.
- Nun traballo terase en conta o desenvolvemento, a presentación, a expresión, o uso de conceptos e a orixinalidade.

Dentro do contexto dun proceso de avaliación continuo, individualizado e integrador, para a cualificación do alumnado que cursa a materia de Fundamentos de Administración e Xestión serán tidos en conta os seguintes criterios:

1. O desenvolvemento da simulación dun proxecto empresarial (PR) que ocupa a parte máis importante do curso suporá un **65%** da cualificación final. Este apartado inclúe a valoración de todas as tarefas conducentes á realización do proxecto:

- A participación activa na aula, a realización das exposicións e presentacións orais que procedan facendo uso das TIC, a correcta intervención e argumentación nas distintas fases do proxecto, o interese polas actividades complementarias propostas,... ; de todo o cal se desprenda o desenvolvemento das competencias e o cumprimento dos mínimos de consecución dos estándares de aprendizaxe (EO, OB)
- A realización de pequenos traballos de investigación, resúmenes, comentarios, casos prácticos (exercicios e problemas), ben en material impreso ou ben en soporte dixital (TA, PP, PR)
- A realización das lecturas obrigatorias que se propoñan ao longo do curso en relación cos temas desenvolvidos (TA, OB).
- A observación sistemática do alumnado a través de preguntas directas na aula, do traballo individual do alumno, da súa actitude fronte ao traballo en equipo, a posta en común da información solicitada, as súas explicacións e participación en clase ou nas actividades realizadas fóra do centro, os hábitos de traballo, a súa iniciativa e interese (EO, OB).
- Outros intercambios orais co alumnado: diálogo, entrevistas e postas en común (EO, OB).

En relación co proxecto desenvolvido, ademais da avaliación do profesor, levaranse a cabo procesos de:

- **Autoavaliación:** que será unha reflexión crítica que cada alumno debe facer sobre a súa propia aprendizaxe (OB).
- **Coavaliación:** para algunhas tarefas terase en conta a valoración respectuosa sobre o traballo e actitude dos compañeiros (OB).

2. As probas escritas e/ou tipo test (PE, PT, PP) realizadas ao longo do curso suporán o restante **35%** da cualificación total. Estas probas versarán sobre os contidos teórico-prácticos relacionados cos estándares de aprendizaxe da materia.

Dado que na acta de avaliación a cualificación debe ser un número enteiro, o redondeo realizarase por defecto ou por exceso en función das actitudes e valores desenvolvidos polo alumnado ao longo do curso (OB).

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Os indicadores de logro a empregar refírense a catro ámbitos: a planificación das clases, a motivación do alumnado, o desenvolvemento do proceso de ensinanza e o seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

	INDICADORES
PLANIFICACIÓN	1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa educativa.
	2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
	3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
	4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
	5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados ás necesidades e aos intereses do alumnado.
	6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas.
	7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.

	INDICADORES
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
	2. Plantea situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
	4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
	5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
	6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.
	7. Promove a reflexión dos temas tratados.

INDICADORES	
DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES	1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con esquemas, mapas conceptuais, ...
	2. Cando introduce conceptos novos, os relaciona, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos, ...
	3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra da aula.
	4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
	5. Utiliza axuda audiovisual para apoiar os contidos na aula.
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
	8. Formula actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
	9. Formula actividades complementarias atractivas.

INDICADORES	
SEGUIMENTO	1. Realiza a avaliación inicial ao inicio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
	2. Detecta os coñecementos previos en cada unidade didáctica.
	3. Revisa os traballos propostos na aula e fóra dela.
	4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas.
	5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e da pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
	6. Utiliza suficientes instrumentos de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.
	7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
	8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
	9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.

10. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Non procede.

11. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS

Non procede.

12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS

Esta materia específica non require ter estado na materia de Economía 1º bach. Nin ter coñecementos previos de Economía da Empresa. Por tanto, non procede unha avaliación inicial.

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A lexislación contempla o tratamento específico aos alumnos que polas súas circunstancias e capacidades así o precisen. Para iso a programación dos diferentes contidos faise de xeito construtivo e progresivo. En todo caso, trataranse de adecuar os contidos ás características e capacidades do alumnado, e, en caso de precisalo, sería demandado o apoio do departamento de orientación do centro.

Prestarase atención a aqueles alumnos/as que dentro do grupo destaquen polo seu alto nivel de asimilación, en cuxo caso proporánselle actividades de ampliación para aproveitar o seu potencial; ou ben, polo seu baixo nivel de asimilación, en cuxo caso proporánselle actividades de reforzo.

En xeral, mediante a utilización de actividades diversas, serán detectadas as carencias do alumnado e proporanse as tarefas e procedementos oportunos para lograr o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe establecidos para superar a materia.

Un dos principios básicos que ha de ter en conta a intervención educativa é o da individualización, ofrecer a cada estudante a axuda pedagóxica que este necesite en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. No bacharelato, etapa na que as diferenzas persoais en capacidades específicas, motivación e intereses adoitan estar bastante definidas, a organización do ensino permite que o propio alumnado resolva esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas. Non obstante, é conveniente dar resposta, xa desde as mesmas materias á diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos

de aprendizaxe que o alumnado manifesta. É preciso, entón, ter en conta os estilos diferentes de aprendizaxe do alumnado e adoptar as medidas oportunas para afrontar esta diversidade. Hai estudantes reflexivos (detéñense na análise dun problema) e estudantes impulsivos (responden moi rapidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (abordan o tema desde a globalidade); uns traballan durante períodos longos e outros necesitan descansos; algúns necesitan ser reforzados continuamente e outros non; hai os que prefiren traballar sós e os hai que prefiren traballar en pequeno ou gran grupo. Dar resposta a esta diversidade non é tarefa doada, pero si necesaria, pois a intención última de todo proceso educativo é lograr que o alumnado alcance os obxectivos propostos.

Como actividades de detección de coñecementos previos realizaranse:

- Debates e actividades pregunta-resposta sobre o tema introducido, co fin de facilitar unha idea precisa sobre de onde se parte.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.

Como actividades de consolidación:

- Realización de cuestionarios e exercicios apropiados e todo o abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos traballados na unidade. Esta variedade de exercicios inclúe actividades de recuperación-ampliación, para atender non só ao alumnado que presenta problemas no proceso de aprendizaxe, senón tamén a aqueles que alcanzaron no tempo previsto os obxectivos propostos.
- Entendendo o proceso educativo como un desenvolvemento comunicativo, é de grande importancia ter en conta o traballo en grupo, recurso que se aplicará en moitas das actividades que se vaian realizar, por exemplo, nos pequenos traballos a realizar ou nos debates propostos, pois a posta en común de conceptos e ideas individuais xera unha dinámica creativa e de interese no alumnado.
- Concederáse, no entanto, grande importancia noutras actividades ao traballo persoal e individual; en concreto, aplicarase nas actividades de síntese e nas de consolidación, así como nas de recuperación e ampliación.

Acometerase pois, o tratamento da diversidade no bacharelato desde dúas vías:

1. A atención á diversidade na programación dos contidos, presentándoos en dúas fases: a información xeral e a información básica, que se tratará mediante esquemas, resumos, glosarios, etc.
2. A atención á diversidade na programación das actividades. As actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais do alumnado. A variedade e a abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permiten a adaptación ás diversas capacidades, intereses e motivacións.

14. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A materia de **Fundamentos de Administración e Xestión** contribuirá a través das propostas de aula a fomentar fundamentalmente o emprendemento pero tamén a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación, ademais do desenvolvemento de actitudes como:

- **Educación moral e cívica:** recoñecemento do papel da empresa na actividade económica e no desenvolvemento da sociedade, do interese social de determinadas empresas que adoptan forma de cooperativa ou sociedade laboral e da obriga do cumprimento das normas xurídicas (mercantís, fiscais, laborais, etc.) que regulan a actividade da empresa. Actitude crítica ante a utilización abusiva do factor traballo, ante as actividades de márketing que utilizan moitas empresas para o cumprimento dos seus obxectivos de venda e ante as empresas que non rexen por criterios éticos a súa actividade.
- **Educación para a paz:** reflexión sobre o conflito de intereses existente entre os diferentes grupos de persoas interesadas na empresa e a importancia de desenvolver proxectos por parte das empresas en áreas xeográficas que padecen ou padeceron guerras e conflitos. Actitude crítica fronte á realización de actuacións fóra da lei por parte dalgunhas empresas ou fronte a participación dalgunhas empresas en conflitos bélicos ou a venda de armamento a países en guerra.
- **Educación ambiental:** reflexión sobre o feito de que algunhas empresas están a aumentar a súa preocupación polos temas de medio ambiente, o interese de incluír información nos estados contables sobre o proceso produtivo e a súa influencia sobre o medio ambiente e sobre as deducións fiscais que as empresas poden obter se aplican nos seus investimentos políticas de protección do medio ambiente. Actitude crítica fronte ás empresas que non teñen en conta nas súas decisións o impacto ambiental da súa actividade produtiva, fronte a utilización de termos medioambientais en campañas publicitarias como reclamo do produto e ante a falta de lexislación que obrigue a informar sobre todas as actuacións das empresas en relación co medio ambiente.
- **Educación para o consumo:** crítica fronte á publicidade masiva de produtos e servizos, as mensaxes expresadas nos anuncios, a aparición de novos produtos que crean novas necesidades e sobre a existencia de obxectivos empresariais que perseguen a satisfacción de necesidades dos consumidores de forma fraudulenta e especulativa. Reflexión sobre as pautas persoais de consumo, o nivel de imposición indirecta existente no noso país que recae sobre o mesmo (IVE, Impostos Especiais, etc.) e a importancia dos dereitos do consumidor.
- **Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos:** Recoñecemento da importancia da incorporación da muller á actividade laboral e empresarial, concienciación acerca da necesidade de practicar unha política de persoal non discriminatoria nas empresas que respecte a normativa laboral, que expresa que en ningún caso poderá existir discriminación por razón de sexo nas relacións laborais. Actitude crítica ante produtos sexistas, anuncios discriminatorios ou denigrantes, etc.

15. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PROXECTO LECTOR

Entre os materiais e recursos didácticos para o desenvolvemento da programación das materias que dependen deste departamento, citáronse expresamente a prensa xeral e, máis especificamente, a prensa económica que serán utilizadas como recursos didácticos que contribuirán a achegar ao alumnado á actualidade económica ademais de desenvolver a súa comprensión lectora e enriquecer o seu vocabulario.

Por outra parte, no marco do Plan Lector, en relación coa promoción da lectura, tendo en conta os fondos existentes na biblioteca do centro (A3P), recoméndase ao alumnado que cursa algunha das materias que imparte este departamento, a lectura e/ou consulta dalgunha das obras que aparecen a continuación e das que existen exemplares dispoñibles na biblioteca do centro:

Alumnado de Fundamentos de Administración e Xestión 2º bacharelato:

- **La Economía del hidrógeno. La próxima Gran Revolución económica.** Jeremy Rifkin. Ed. Paidós.
- **La vaca púrpura.** Seth Godin. Ed. Gestión 2000.
- **Espíritu de aventura. Los 7 retos del emprendedor.** Albert Bosch. Ed. Empresa Activa.
- **Emprendiendo hacia el 2020.** Pedro Nueno. Ed. Deusto.
- **Generación de modelos de negocio.** Alexander Osterwalder & Yves Pigneur. Ed. Deusto.
- **Exercicios de Economía xeral e de empresa.** CEF.
- **El libro prohibido de la Economía. Lo que las marcas, los bancos, las empresas, los gobiernos, ... no quieren que sepas.** Fernando Trías de Bes. Espasa.
- **Éxito para perdedores.** David Cantolla y Juan Díaz-Faes. Astiberri.
- **Espíritu de aventura. Los 7 retos del emprendedor.** Albert Bosch. Ed. Empresa Activa.

Libros de consulta:

- **Diccionario de Economía y finanzas,** Ramón Tamames e Santiago Gallego. Alianza editorial.
- **Curso básico de Economía da Empresa. Un enfoque de organización.** Eduardo Bueno Campos. Pirámide.
- **Marketing en el siglo XXI. Rafael Muñiz González.** Ed. Centro de Estudios Financieros.

16. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN TIC

En todas as materias impartidas por este departamento fomentárase o uso das novas tecnoloxías da información para obter o máximo aproveitamento á hora de realizar as actividades e traballos propostos, así como para os proxectos que se leven a cabo. A utilización das tecnoloxías da información e a comunicación na aprendizaxe da economía para obter información, simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc., é un recurso útil que contribúe a mostrar unha visión actualizada da realidade económica. Neste sentido como recursos didácticos foron recompiladas na webgrafía que aparece no apartado de recursos e materiais didácticos desta programación, un conxunto de sitios web de interese para o alumnado. Tamén hai un espazo web creado por este departamento na páxina web oficial do instituto desde o que acceder a estas ligazóns así como a outros recursos e actividades realizadas polo departamento:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdavidbujan/taxonomy/term/59>

A realización guiada de procuras na web constitúe un medio para o desenvolvemento da competencia dixital e desenvólvese fomentando a procura, selección e utilización de información en medios dixitais, ademais permite que o alumnado se familiarice cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nas que se presenta a información (datos estatísticos, representacións gráficas, táboas...) Tamén se procura desenvolver no alumnado a capacidade de utilizar a información de maneira crítica e sistemática, avaliando a súa pertinencia e diferenciando entre información real e virtual, salvagardando en todo caso a súa necesaria privacidade así como o debido respecto aos dereitos de autor (en relación coa utilización de imaxes por exemplo).

Nas aulas, o profesor fará uso dos encerados dixitais dispoñibles cando así o requira a unidade didáctica a desenvolver, invitando ao alumnado a participar activamente facendo un uso apropiado do mesmo. En función da dispoñibilidade das Aulas de Informática do centro, o alumnado traballará cos equipos informáticos do centro baixo as directrices do profesor.

desde o departamento promoverase así mesmo a utilización das contas de correo propias do centro (@iesdavidbujan.com) e as ferramentas colaborativas inherentes a dito dominio (Google Drive para compartir moitos arquivos, Google sites para a creación de páxinas web simples, Google docs...), ferramentas imprescindibles para desenvolver o proxecto “**Axenda 2030 Economía IES David Buján**”.

Por outra parte, os contidos, criterios e estándares de avaliación da materia incorporan o coñecemento e uso das principais aplicacións informáticas: os programas de tratamento de textos, follas de cálculo, presentación de diapositivas, etc. Neste sentido o departamento promocionará a utilización de software libre á hora de utilizar programas de tratamento de textos, follas de cálculo, presentacións de diapositivas ... en consonancia coa utilización do sistema operativo Linux na práctica totalidade dos ordenadores a disposición do alumnado do centro.

Outra capacidade potenciada é a de utilizar ferramentas informáticas para producir, presentar e comprender información de complexidade progresiva e ter a habilidade necesaria para acceder a servizos baseados en Internet, buscalos e utilízalos; pero, ao mesmo tempo, tamén a capacidade de saber como empregar as TIC en apoio do pensamento crítico, a creatividade e a innovación.

A utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación faise imprescindible para a adquisición de actitudes e destrezas no manexo de ferramentas e programas informáticos e na correcta utilización de software específico de xestión empresarial, así como para alcanzar algúns dos obxectivos establecidos nas actividades ou tarefas que se programen ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe e para a creación e difusión de contidos que permitan expoñer os resultados dos traballos realizados.

Este departamento ten catro cursos dados de alta na Aula virtual da web do centro (plataforma Moodle):

- Economía 4º ESO
- Economía 1º BAC
- Economía da empresa 2º BAC
- Fundamentos de administración e xestión 2º BAC

É interesante que o alumnado se introduza no uso de Aulas virtuais e que aproveite os recursos e tarefas que pode consultar en calquera momento, contribuíndo en todo momento a facilitar e mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Outras ferramentas TIC utilizadas polo departamento nalgunhas unidades didácticas:

- En relación coa visualización e subida de vídeos á rede:
<https://www.youtube.com/?gl=ES&hl=es> <https://vimeo.com/>
- En relación coa elaboración de murais e outras tarefas colaborativas: Padlet, Pinterest.
<https://es.padlet.com/dashboard> <https://www.pinterest.es/>
- Prezi, ferramenta utilizada para algunhas presentacións:
<https://prezi.com>
- Para pequenos traballos proxectos de investigación, poderanse utilizarse blogues ademais de Google Sites:
<https://www.blogger.com> <https://es.wordpress.com/>
- Para a xeración de códigos QR: <https://www.unitag.io/es/qrcode>
- Para a introdución da gamificación na aula, ferramentas como Socrative, Kahoot...

17. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN DE CONVIVENCIA

O plan de convivencia de centro enténdese como unha ferramenta para que o noso centro, desde a súa situación particular, estableza, aplique e avalíe as medidas que se consideran máis axeitadas para promover procesos que permitan a mellora das relacións a nivel de centro, co entorno, nas aulas e a nivel individual entre os distintos membros da comunidade educativa. Nese sentido, este departamento colaborará co Departamento de Orientación e co Equipo de Convivencia e Mediación no labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor realización do proceso de ensinanza-aprendizaxe, na detección o antes posible de conflitos que poidan xurdir nas aulas para que poidan ser resoltos de maneira pacífica, establecer normas de funcionamento e organización das clases, da aula ou de calquera espazo utilizado para impartir a materia, motivar ao alumnado para interiorizar a cultura do diálogo e a mediación, previr as actitudes violentas no ámbito escolar, tratar de facilitar a integración do alumnado novo no centro, detectar e actuar en casos de exclusión de alumnado e, sobre todo, colaborar na prevención, detección e intervención ante situacións de acoso escolar, fomentando unha educación en valores para a mellora da convivencia e o respecto entre todos os membros da comunidade, a colaboración na resolución de conflitos de forma construtiva, a educación emocional cando as situacións que xurdan na aula o propicien e colaborar no mantemento do centro como un centro agradable, fomentando a limpeza, a orde e o coidado das instalacións, promover a igualdade de xénero, con vistas a erradicar actitudes machistas e formar persoas solidarias e comprometidas co seu entorno.

A través da participación activa do alumnado no proxecto proposto “**Axenda 2030 Economía IES David Buján**” e de acordo cos principios metodolóxicos do traballo por proxectos e a aprendizaxe colaborativa, desde este departamento fomentárase o traballo cooperativo que contribúa a un maior coñecemento entre si de todos os estudantes a través do desenvolvemento de actividades nas que interactúen nun clima de respecto e tolerancia, a través das exposicións orais, os debates, lecturas, visualización e comentarios de vídeos ou películas que se utilicen como recursos, sempre na procura da mellora da convivencia dentro e fóra das aulas, etc., co obxectivo de fomentar unha educación de calidade baseada en valores como a cooperación, a solidariedade, a tolerancia, a pluralidade o respecto, a non discriminación, a responsabilidade, a igualdade, a liberdade, a xustiza e a cooperación.

18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Non se programan actividades para o alumnado de 2º bach, polo axustado calendario deste curso en orde á impartición de todos os contidos para o mes de maio. Valorarase ao longo do curso a realización dalgunha actividade complementaria, tales como visitas ao centro por parte dalgúns protagonistas de iniciativas emprendedores/as de interese. En dito caso, levaríase a proposta previamente á CCP para a súa aprobación.

19. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Conxuntamente cos indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente expostos no apartado 8 desta programación, os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica irán encamiñados á incorporación, cambio ou supresión de aqueles elementos que poidan mellorar a programación. Neste sentido os mecanismos que se propoñen recollen tres aspectos fundamentais relacionados coa programación: o proceso de planificación, a aplicación e desenvolvemento da programación e os resultados obtidos. A partir da súa análise, permitirán establecer un proceso de “feed-back” ou retroalimentación coa finalidade tanto de mellorar os resultados como de modificar aqueles aspectos susceptibles de mellora.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:
Planificación:
<ul style="list-style-type: none">Os estándares de aprendizaxe avaliábeis están organizados e secuenciados oportunamente en relación ás unidades didácticas previstas.
<ul style="list-style-type: none">Definíronse os indicadores de logro vinculados aos estándares de aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none">Asociáronse aos estándares de aprendizaxe avaliábeis os instrumentos de avaliación e indicadores de logro.
<ul style="list-style-type: none">Deseñouse a avaliación inicial e definíronse as consecuencias dos resultados.
<ul style="list-style-type: none">A temporalización e secuenciación planificada para cada unidade didáctica foi axeitada.
<ul style="list-style-type: none">Establecéronse canles de coordinación co resto do profesorado que imparte clase no mesmo grupo.
Aplicación:
<ul style="list-style-type: none">Definíronse actividades de apoio, reforzo e recuperación vinculados aos estándares de aprendizaxe.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contémplanse medidas de atención á diversidade axeitadas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Presentáronse artigos, revistas e libros relacionados coa materia para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Adoptáronse medidas para incorporar as TIC aos procesos de ensinanza e aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realizouse unha selección axeitada dos recursos didácticos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolvéronse os temas transversais nas diferentes unidades didácticas programadas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Houbo unha oferta desde o departamento de economía axeitada de actividades complementarias e/ou extraescolares.
<p>Resultados:</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Informouse ao alumnado sobre os estándares de aprendizaxe avaliábeis, os procedementos e instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Empregáronse procedementos e instrumentos de avaliación variados.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificáronse os instrumentos de avaliación aplicables a cada estándar de aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Os criterios de cualificación resultaron comprensibles para o alumnado.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Houbo algunha reclamación as cualificacións finais por parte do alumnado?